



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Corrección erros bases bolsa porteiro

Corrección de erros das bases do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego na categoría de porteiro do Concello de Muros como persoal funcionario interino publicadas no BOP núm 164 de 29 de agosto.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por Resolución desta Alcaldía núm.762/2025 de 29 de agosto, rectifícase o erro detectado na base oitava destas bases, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 749/2025, do 25 de agosto e publicadas no BOP nº 164, do 29 de agosto de 2025, no seguinte censo:

“Rectificar nos seguintes termos o erro material producido no punto “8. Procedemento Selectivo” das bases e,

Onde di:

b.1) Primeiro exercicio, ata un máximo de 15 puntos

De carácter obrigatorio e non eliminatorio para todas as persoas aspirantes, que consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test, de 15 preguntas con 4 respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas co contido do programa anexo á convocatoria durante un período máximo de 45 minutos.

Debe dicir:

b.1) Primeiro exercicio, ata un máximo de 15 puntos

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, que consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test, de 15 preguntas con 4 respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas co contido do programa anexo á convocatoria durante un período máximo de 45 minutos.

E onde di:

b.2) Segundo exercicio, ata un máximo de 10 puntos

De carácter obrigatorio e non eliminatorio para todas as persoas aspirantes, Por parte do tribunal proporase unha ou varias probas prácticas, que poderán ser por escrito, relacionadas coa parte especial do temario, a celebrar nunha ou varias sesións por un prazo máximo de trinta minutos, na que se valorarán os coñecementos e habilidades profesionais de acordo coas funcións do posto de traballo. Esta proba práctica valorarase de 0 a 10 puntos debendo as persoas aspirantes obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.

Debe dicir:

b.2) Segundo exercicio, ata un máximo de 10 puntos

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, Por parte do tribunal proporase unha ou varias probas prácticas, que poderán ser por escrito, relacionadas coa parte especial do temario, a celebrar nunha ou varias sesións por un prazo máximo de trinta minutos, na que se valorarán os coñecementos e habilidades profesionais de acordo coas funcións do posto de traballo. Esta proba práctica valorarase de 0 a 10 puntos debendo as persoas aspirantes obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.”

O prazo de presentación de solicitudes de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes comezará a contar a partir do día seguinte a publicación deste anuncio de rectificación no BOP

Muros, 29 de agosto de 2025

A Alcaldesa

María Lago Leston